

RÍO SISALDE (Arteixo)

Roteiro Mariñán

DESCRICIÓN DA RUTA


A ruta comeza na **praia de Barrañán** e percorre unha serie de camiños que outrora eran frecuentados por romeiros que visitaban os Barreiros, por persoas que se achegaban ata a praia e por comerciantes da area. Tamén discorre preto de elementos etnográficos singulares, como é o **Castro de Armentón** e os **muíños da Margarida**, da **Ibia** e dos **Zapata**. Xa no lugar de Monteagudo, na metade da ruta, pódese visitar unhas das xoias románicas de Arteixo: a **Igrexa Parroquial de Santo Tomé de Monteagudo**.

Este camiño tamén achega ó camiñante a zonas de grande importancia ecolóxica e paisaxística, como é a **Fraga de Sisalde**, e bordea en todo momento o curso do río que lle dá nome, o Rego de Sisalde.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

Percorrido: 18 km
Duración: 6 horas
Dificultade: baixa
Tipo de trazado: lineal e circular
Concellos polos que pasa: Arteixo
Punto inicio/fin: Praia de Barrañán

PERFIL



LEENDA

- Panel interpretativo
- Ruta
- Inicio / fin de ruta
- L.I.C. Rede Natura 2000
- Paseo marítimo
- Muíño
- Igrexa / capela
- Área de lecer
- Castro



PLANO DA RUTA

